

CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DE ALUMNOS DO GRAO EN PEDAGOXÍA, GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL E MÁSTER U. EN IGUALDADE, XENERO E EDUCACIÓN

En Santiago, a 29 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 62/2014, de 28 de maio (DOG 4/06/2014), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela .

Da outra Don Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude do seu nomeamento polos Decretos 229/2012 e 230/2012, do 2 de Decembro, e no exercicio das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Todos eles en virtude de poderes suficientes para comparecer neste acto e vincularse, poderes ou capacidades que manifestan non lle foron modificados nin revogados.

Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para a formalización do presente convenio e aos efectos

EXPOÑEN

- I. Que o Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a a posibilidade de que os estudantes matriculados en ensinanzas impartidas pola Universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.
- II. Que o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante, establece no seu art. 8.f o dereito dos estudantes á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.
- III. Que os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen (Disposición Adicional Primeira) que “a Universidade de Santiago de Compostela poderá contar coa colaboración de profesionais externos no desenvolvemento de actividades prácticas

derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración". Así mesmo, no art. 51 f) indican que unha función das facultades e escolas é a promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.

IV. A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela, de aí que sexa un dos obxectivos da USC o complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permite coñecer a realidade laboral.

V. Todas as partes consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e Inserción no ámbito laboral

VI. Co Convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimite as garantías recíprocas do alumnado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas.

En consecuencia, acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO.

As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas dos alumnos nas instalacións da Secretaría xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e nas do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero, adscrito á Secretaría xeral da Igualdade, así como para aportar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa. As prácticas poderán ser:

- **Curriculares**, contempladas nos plans de estudos.
- **Prácticas conducentes á elaboración dos Traballos Fin de Grao / Traballos Fin de Máster**, segundo se contempla nos plans de estudos e demais normativa de aplicación.
- **Extracurriculares**, ou complementarias.

O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Segunda.- CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS.

Realizarase, como mínimo, unha convocatoria de prácticas en cada curso académico. A realización efectiva das prácticas convocadas poderá exceder do período ordinario do curso académico con límite ata o 30 de setembro do curso seguinte.

O órgano previsto na convocatoria efectuará a selección dos estudantes conforme aos criterios establecidos, que deberán ser taxados e nos que se terá en conta o rendemento académico. No caso de que a convocatoria das prácticas non concrete a valoración dos méritos, o órgano de selección deberá elaborar e publicar os ditos criterios antes da análise dos expedientes.

En todo caso, terán prioridade nos procesos de selección as prácticas curriculares sobre as extracurriculares. Así mesmo outorgarase prioridade na elección e adxudicación de prácticas aos estudantes con discapacidade, con obxecto de que poidan optar a empresas nas que teñan unha adaptación de medios para a realización das prácticas.

Unha vez asignado o destino das prácticas e antes do seu inicio, o estudante ten que ter formalizada a oportuna matrícula.

Terceira.- REQUISITOS DOS ESTUDANTES EN PRÁCTICAS.

Poderá participar nas prácticas o alumnado do Grao en Pedagogía, Grao en Educación Social e do Máster Universitario en Igualdade, Xenero e Educación.

Para a realización das prácticas académicas externas os estudantes deberán cumprir os seguintes *requisitos*:

- a) Estar matriculado na titulación á que se vinculan as prácticas segundo as competencias que debe adquirir o alumnado.
- b) Non ter superados os créditos vinculados a estas prácticas externas curriculares, e non ter realizado o depósito do título. Os estudantes deberán matricular os créditos correspondentes ás prácticas curriculares adxudicadas.
- c) Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non ter realizadas estas prácticas na mesma entidade en convocatoria precedente, agás que a actividade a realizar sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente, ou non superase o límite máximo de horas nesa empresa; e non ter realizado o depósito do título. Os estudantes deberán matricular os créditos correspondentes ás prácticas extracurriculares adxudicadas.
- d) Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada na que se van a realizar as prácticas, agás autorización expresa do órgano convocante e da entidade colaboradora que se poderá outorgar cando as prácticas a realizar non teñan ningunha relación co contido do contrato laboral en vigor.

Cuarta.- NÚMERO DE PRAZAS DE PRÁCTICAS.

O número de prazas que se convocarán para realizar as prácticas determinará a Comisión de Seguimento deste convenio e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.

Quinta.- DURACIÓN DAS PRÁCTICAS, RÉXIME DE PERMISOS E CONDICIÓN DE RESOLUCIÓN ANTICIPADA DAS PRÁCTICAS.

1. A duración das prácticas será a seguinte:

- a) As prácticas externas curriculares terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente, nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

b) As prácticas externas extracurriculares terán unha duración non superior ao cincuenta por cento do curso académico, é dicir, 30 ECTS (ou sexa, 750 horas, considerando unha equivalencia de 25h/ECTS).

2. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas características das mesmas e as dispoñibilidades da entidade colaboradora. Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo estudante na universidade.

3. O réxime de permisos será acordado entre a entidade colaboradora e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas que se deriven polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes.

4. Poderá ser excluído das prácticas académicas o estudante que incumpra as actividades definidas no proxecto formativo ou as directrices marcadas polo titor da entidade colaboradora. Neste caso, a entidade colaboradora comunicará á Universidade esta circunstancia e, de común acordo, ambas entidades poderán dar por finalizada anticipadamente a realización da práctica externa coa perda dos dereitos formativos e, no seu caso, económicos que corresponderan ao beneficiario.

No caso de que as prácticas na entidade colaboradora non se axusten ó acordado coa coordinación do título poderá ser motivo de rescisión delas. Nestes casos, a Comisión de Coordinación ou órgano competente ao efecto deberá ofrecer unha solución para completar o período que lle reste ao estudante para finalizar as prácticas.

Así mesmo, o estudante en prácticas poderá, por causas xustificadas, solicitar a renuncia a elas o que deberá ser resolto polo Vicerreitor con competencias na materia de prácticas académicas.

Sexta.- PROXECTO FORMATIVO DAS PRÁCTICAS.

O proxecto formativo en que se concretará a realización das prácticas académicas externas deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades que se vaian desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas, específicas e transversais que debe adquirir o estudante. Así mesmo, os contidos das prácticas definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados. *Este proxecto formativo especificase no Anexo a este Convenio para a realización de prácticas académicas externas.*

Sétima.- VINCULACIÓN DOS ESTUDANTES EN PRÁCTICAS COA ENTIDADE COLABORADORA.

1. A relación dos estudantes en prácticas coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral e, polo tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no Estatuto dos Traballadores.

2. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica titorizada, polo que os estudantes en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.

3. A entidade colaboradora non poderá cubrir co estudante en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino.
4. Durante o período de prácticas non se poderá formalizar ningún contrato de traballo entre a entidade colaboradora e o estudante.

Oitava.- ASEGURAMENTO DO ALUMNO E RESPONSABILIDADE CIVIL.

1. A realización de prácticas académicas externas estará cuberta polo Seguro Escolar, sempre que se realicen en territorio nacional. Para os estudantes maiores de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente, a cargo do estudante, un seguro de accidentes.
2. Os danos a terceiros como consecuencia da realización de prácticas académicas externas do estudante estarán cubertos polo seguro de responsabilidade civil da USC. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorran riscos excepcionais ou outras circunstancias, e así se considere na convocatoria, poderán contratarse seguros adicionais.
3. As prácticas académicas externas que incorporen unha contraprestación económica, calquera que sexa o concepto ou a forma na que se perciba, estarán asimiladas a traballadores por conta allea para os efectos da súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social, de conformidade co Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, no que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación.
4. A entidade ou organismo que financie a contraprestación económica á que poida ter dereito o estudante terá a condición de empresario, asumindo a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e, a cotización que de ser o caso corresponda.

Novena.- DEREITOS E DEBERES DOS ESTUDANTES.

Os estudantes en prácticas terán dereito a contar cun titor externo da entidade colaboradora na que as realicen, e un titor académico da universidade.

Os *estudantes* en prácticas terán *dereito* a:

a) Ser avaliados no desenvolvemento das súas actividades, segundo o establecido no programa. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación que deberán ser coñecidos polo titor externo. Os estudantes terán dereito a coñecer os criterios de avaliación.

b) Á imputación dos créditos cursados para os efectos de finalización de estudos no caso das prácticas curriculares, sempre que contén con avaliación positiva do seu período de prácticas.

No caso das prácticas extracurriculares, a que a Universidade acredite as prácticas realizadas facéndolas constar no expediente e no SET sempre que contén con avaliación positiva e se realicen antes do remate dos estudos.

c) Expedición, por parte da entidade colaboradora, finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, a unha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización

das prácticas, con indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.

d) Percibir, nos casos nos que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.

e) A propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.

f) Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.

g) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.

h) Dispoñer dos recursos necesarios para o acceso aos estudantes con discapacidade á tutela, información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.

i) Conciliar, no caso de estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.

j) Aqueloutros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola USC e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculadas á mesma, coa entidade colaboradora.

No caso das prácticas curriculares se o estudante, unha vez matriculado, non recibise a formación por incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria. De resultar imposible, terá dereito á devolución dos prezos públicos pagados e preferencia na asignación na seguinte convocatoria.

No caso de prácticas extracurriculares se o estudante, unha vez matriculado, non recibise a formación por incumprimento da entidade xestora ou da entidade colaboradora, poderá optar pola devolución dos prezos públicos pagados, pola súa inclusión nunha lista de agarda ou pola súa inscrición automática nunha nova convocatoria. Estes estudantes terán preferencia sobre os novos solicitantes.

Así mesmo terán os dereitos establecidos no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, no Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, e nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Durante o período de prácticas, o estudantado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e, de ser o caso, un informe intermedio.

Con relación á entidade na que se desenvolven as prácticas, os *estudantes deberán*:

a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no Anexo.

b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.

- c) Gardar o debido sxiilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f) Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC, ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora, e a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma , coa entidade colaboradora.

Os estudantes de prácticas curriculares estarán obrigados, á realización da totalidade de créditos dos que estean matriculados de acordo co establecido no plano de estudos para obteren o recoñecemento académico.

O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.

Décima.-TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.

A cada estudante seralle asignado un titor académico que será un docente da titulación designado polo centro para cada práctica ofertada e coa misión de facer un seguimento máis directo da mesma, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia. O titor académico tamén será o responsable de avaliar ao estudantado de prácticas externas curriculares conforme os criterios de avaliación que se fixen e segundo o procedemento de avaliación establecido pola USC.

Cada estudante contará tamén cun titor na entidade colaboradora onde realice as prácticas. Será o responsable de aplicar o plan de formación previsto e elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido polo estudante.

Décimo primeira.- DEREITOS E OBRIGAS DOS TITORES.

A.- O *titor externo* da entidade colaboradora terá dereito a :

1. O recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da universidade a solicitude dos interesados
2. A ser informado acerca do regulamento de prácticas académicas externas.
3. A ser informado sobre o proxecto formativo e as condicións do seu desenvolvemento.
4. A obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

B.- O *titor externo* da entidade colaboradora terá os seguintes *deberes*:

1. Acoller ao estudante e organizar a actividade a desenvolver consonte co establecido no proxecto formativo.
2. Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.

3. Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
4. Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio que deberán contemplar:
 - As modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o desenvolvemento da práctica.
 - A comunicación e resolución das incidencias que puidesen xurdir.
 - O control de permisos para a realización de exames e ou outro tipo de actividades de carácter académico.
5. Emitir o informe final e, de ser o caso, o informe intermedio.
6. Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
7. Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
8. Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
9. Facilitar ao titor académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
10. Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.
11. Prestar axuda e asistencia ao estudante durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

C.- O *titor académico da universidade* terá os seguintes *dereitos*:

- a) Ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento poidan derivarse en ningún caso efectos retributivos específicos.
- b) A ser informado verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do estudante que debe tutelar.
- c) A ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.

D.- O *titor académico da universidade* terá os seguintes *deberes*:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas, de representación e participación do estudante.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose co titor externo da entidade colaboradora e vistos, no seu caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.

- d) Avaliar as prácticas do estudante titorizado de acordo co que se establece no artigo 25 do Regulamento de prácticas académicas externas da USC (aprobado no CG do 29 de xullo de 2015).
- e) Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor.
- f) Informar ao responsable das prácticas académicas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.
- g) Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Décimo segunda.- MEMORIA DAS PRÁCTICAS.

Ao rematar o período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido que entregará ao titor académico. O seu contido mínimo axustarase ao establecido no Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela e ao modelo propio do centro se o ten.

Décimo terceira.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN.

O titor académico, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración.

Décimo cuarta.- CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE COLABORADORA.

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumno sexan favorables, a entidade colaboradora emitirá para cada alumno unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración, as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos quedando supeditada, a estes efectos, á avaliación que realice a USC das prácticas.

Décimo quinta.- EFECTOS DAS PRÁCTICAS.

A realización das prácticas curriculares polos alumnos computará para a obtención dos títulos correspondentes co carácter establecido no plan de estudos.

No caso das prácticas extracurriculares, non formarán parte do plan de estudos, pero figurarán no expediente e no Suplemento Europeo ao Título, sempre que se realizaran antes da finalización dos estudos.

Décimo sexta.- PROTECCIÓN DE DATOS.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á entidade colaboradora información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá

aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á entidade colaboradora, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa entidade colaboradora un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado. Os ficheiros automatizados nos que se sometan a tratamento datos persoais de estudantes, persoal das entidades colaboradoras ou outros participantes nos programas de prácticas académicas externas, deberán respectar a lexislación e a normativa da USC sobre protección de datos de carácter persoal e aplicar as medidas de seguridade que correspondan.

Décimo sétima.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Créase unha Comisión de Seguimento e Interpretación do presente convenio. Intégrana por parte da USC o Vicerreitor con competencias en oferta docente, ou persoa na que delegue, e o responsable de prácticas do centro, e por parte da entidade colaboradora as dúas persoas que esta designe. O Vicerreitor con competencias en oferta docente, ou persoa en quen delegue, será o interlocutor da Universidade coa entidade colaboradora en todo o relativo a este convenio.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias:

1. Resolver os problemas que suscite a súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións de este convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
3. Tomar medidas en relación ás incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión de alumnos/as que non cumpran as cláusulas do convenio.

A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Décimo oitava.- NORMAS DE APLICACIÓN SUPLETORIAS.

A falta de determinación no convenio, seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios.
- Real Decreto 592/2014 de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.
- Normativa do Plan de estudos da titulación.
- Convocatorias de prácticas externas e demais disposicións xerais de aplicación.

- Aplicación supletoria do Regulamento para a Xestión de Convenios na Universidade de Santiago de Compostela (aprobado polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2002), as resolucións e acordos sobre esta materia no que non se opoñan ao Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela aprobado polo Consello de Goberno do 30 de xullo de 2015.
- De ser o caso, seranlle de aplicación as normas sobre afiliación e cotización de prácticas externas realizadas polos estudantes universitarios, actualmente contidas na disposición adicional vixésimo quinta do Real Decreto-lei 8/2014, de 4 de xullo, ou normativa que a substitúa e a disposición adicional vixésimo sexta da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia ou normas que as substitúan.

Décimo novena.- VIXENCIA DO CONVENIO.

O Convenio terá efectos desde a súa sinatura e a súa duración será de de catro anos, e en todo caso polo tempo que duren as prácticas do alumnado, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo cun ano de antelación.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

Vixésima. - RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

Serán causas de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas no mesmo, previa reunión da Comisión de Seguimento.

A denuncia do convenio poderá realizarse por calquera das partes, debendo comunicarse por escrito coa antelación establecida na cláusula décimo novena.

Unha vez extinguido o convenio deberá asegurarse ao alumnado que está desenvolvendo as actividades formativas obxecto deste acordo a posibilidade de finalizalas.

Vixésimo primeira.- XURISDICIÓN.

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través da comisión de Seguimento.

Non obstante recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das Universidades.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Por delegación do Sr. Reitor (RR do 22-09-2015 DOG do 05-10-2015) O Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa	POLA VICEPRESIDENCIA E CONSELLEIRÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Roberto J. López López	Alfonso Rueda Valenzuela

ANEXO

ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS POR PARTE DE ESTUDANTES DESTA UNIVERSIDADE CURSO ACADÉMICO 201../201..

Os abaixo asinantes manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no Convenio de Colaboración Educativa subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e a entidade colaboradora, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas: ☐ Curriculares ☐ Extracurriculares ☐ Tráballo fin de grao/máster

2.- Estudante beneficiario deste Acordo

Apelidos e nome:

.....

DNI

O/a estudante declara cumprir os requisitos establecidos para a realización das prácticas (cláusula terceira do convenio) así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula oitava 1. do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

3.- Titulación na que está matriculado o estudante

.....

4.- Centro de traballo e localidade onde se desenvolverán as actividades:

.....

.....

5.- Titor académico:

D/Dona.....

con DNI.....

6.- Titor da Entidade Colaboradora:

D/Dona.....

con DNI.....

7.- **Duración das Prácticas Académicas Externas** (dd/mm/aa):
do.....ao..... Nº total de días:Horas/día:
.....

8.- (De ser o caso especificar a forma de pago) **Prevese unha aportación ao alumno estudante por parte da Entidade dunha axuda ao estudio** de.....€/mes,.....€/día,.....€ pola totalidade da práctica, que se aboará:

.....
.....

(A entidade ou organismo que financie a contraprestación económica á que poida ter dereito o estudante terá a condición de empresario, asumindo a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e, de ser o caso, a cotización cando corresponda, segundo o establecido na cláusula oitava, apartado 4 do presente convenio).

9.- O réxime de **permisos** será acordado pola entidade colaboradora e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes tal e como se establece na cláusula quinta, apartado 3 do presente convenio.

10.- O **Obxectivo** educativo destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

11.- **Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)**

GRAO EN PEDAGOXÍA

Practicum en Pedagogía I. Deseño de Proxectos Educativos

Carácter: PRÁCTICAS EXTERNAS. ECTS:12. Despliegue temporal: Cuadrimestral

Contidos

1. Mellora das relación interpersoais e desenvolvemento de habilidades de comunicación interpersoal.
2. Observación da situación contextual e das dinámicas de traballo institucional.
3. Análise e identificación de necesidades.
4. Selección de técnicas e recursos adaptadas ás necesidades do contexto e ás demandas das persoas destinatarias.
5. Deseño de programas, accións ou actividades no contexto de prácticas.
6. Actitude responsable no uso das técnicas e recursos institucionais.
7. Elaboración e redacción de memoria técnica sobre o traballo desenvolto.

Competencias:

- 1) Aplicar os coñecementos teóricos e metodolóxicos necesarios para a planificación, programación e avaliación de accións formativas en ámbitos presenciais e virtuais, así como para a organización, desenvolvemento e xestión de programas e equipos educativos.
- 2) Elaborar, xestionar e/ou facer uso directo dos recursos documentais, metodolóxicos e materiais que comporte o desenvolvemento da súa profesión e que poderán concretarse na redacción e difusión de informes, utilización de estratexias e métodos educativos, equipamentos e infraestruturas, etc.
- 3) Relacionarse con outras persoas e grupos, con especial énfase no traballo en equipo e na colaboración con outros profesionais.
- 4) Demostrar profesionalidade, integrando teoría e práctica.
- 5) Diseñar plans de formación, programas e propostas innovadoras de formación e desenvolvemento dos profesionais e dos recursos formativos.
- 6) Diseñar, desenvolver e avaliar programas orientadores de inserción laboral.
- 7) Diagnosticar as necesidades educativas de desenvolvemento educativo das persoas e das organizacións.

Metodoloxía da ensinanza

Esta materia centrarase fundamentalmente na observación e análise da realidade social e institucional e no deseño de intervencións educativas específicas como resposta ás necesidades concretas detectadas nun contexto real.

A realización do practicum I a nivel metodolóxico supoñerá catro fases: 1ª de accións preparatorias; 2ª de intervención práctica; 3ª de elaboración da memoria e 4ª de avaliación. As diversas fases do practicum e as accións que se desenvolverán nestas serán explicadas en detalle tanto na presentación da materia coma durante o curso por cada un dos/as profesores/as encargados/as de supervisar o alumnado en prácticas.

Practicum en Pedagogía II. Perspectiva Profesional en Pedagogía

Carácter: PRÁCTICAS EXTERNAS. ECTS:18. Despliegue temporal: Anual

Contidos

1. Implementación de propostas de intervención.
2. Avaliación sobre procesos, accións e resultados conseguidos.
3. Seguimento e valoración da proposta de intervención.
4. Actitude para adaptarse ós cambios e as novas situacións profesionais.
5. Elaboración e redacción de diarios, informes e memorias técnicas.
6. Xestión e coordinación de proxectos e programas segundo diferentes contextos profesionais.
7. Construcción da identidade profesional.
8. Reelaboración das funcións e tarefas a realizar na práctica profesional baseándose na experiencia.

Competencias

- 1) Estar en condicións de tomar decisións relativas á mellora da súa formación e da práctica profesional, con pleno respecto ós principios deontolóxicos ós que se remite a Pedagogía, tendo como soporte os valores cívicos e os dereitos humanos.

- 2) Desenvolver unha actitude autocrítica e de reflexión, análise e síntese respecto dos coñecementos, tarefas e cometidos nos que participan.
- 3) Amosar profesionalidade integrando teoría e práctica.
- 4) Coordinar intervencións educativas con outros profesionais.
- 5) Avaliar plans, programas, proxectos, procesos de ensinanza-aprendizaxe e medios e recursos educativos e formativos.
- 6) Diseñar, desenvolver e avaliar programas orientadores de inserción laboral.
- 7) Elaborar e interpretar informes técnicos, de investigación e avaliación sobre accións, procesos e resultados formativos e laborais.
- 8) Coñecer e aplicar técnicas de avaliación de accións formativas.
- 9) Desenvolver unha actitude favorable para adaptarse ós cambios derivados de situacións profesionais.
- 10) Elaborar e redactar diarios e memorias técnicas.
- 11) Construír a identidade e rol profesional do pedagogo/a.

Metodoloxía da ensinanza

Esta materia céntrase basicamente no deseño e implementación de procesos de intervención educativa específicos, adaptados ás características de contextos diversificados.

As actividades prácticas contribuirán á elaboración e interpretación de informes técnicos, á avaliación sobre accións, procesos e resultados socioeducativos e laborais, así como ó desenvolvemento dunha actitude favorable para adaptarse ós cambios derivados de situacións profesionais; este coñecemento reforzase nas clases expositivas, nas prácticas de seminario e nas actividades de lectura e documentación realizadas polo alumnado.

GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL

Practicum de Educación Social I

Carácter: PRÁCTICAS EXTERNAS. ECTS:12. Despliegue temporal: Semestral

Contidos

1. Aproximación experimental aos contextos e ámbitos de intervención en Educación Social.
2. Elaboración de proxectos de intervención en diversos ámbitos socioprofesionais da Educación Social (Inadaptación e Marxinación Social, Educación de adultos e Terceira Idade, Animación Sociocultural e Desenvolvemento Comunitario, etc.).
3. Elaboración de informes e memorias de intervención socioeducativa.

Competencias

- 1) Habilidade para elaborar, xestionar e/ou facer uso directo dos recursos documentais, metodolóxicos e materiais que comporte o desenvolvemento da súa profesión e que poderán concretarse na redacción e difusión de informes, utilización de estratexias e métodos educativos, equipamentos e infraestruturas, etc.
- 2) Relacionarse con outras persoas e grupos, con especial énfase no traballo en equipo e na colaboración con outros profesionais.
- 3) Implicarse activamente na resolución de problemas e na toma de decisións.

4) Proxectar a súa formación teórica e metodolóxica en iniciativas e prácticas educativas que respondan a necesidades e demandas sociais, en diferentes contextos e realidades, por si mesmo e/ou en colaboración con outros axentes da sociedade.

5) Diseñar, desenvolver e avaliar plans, programas, proxectos e actividades de intervención socioeducativa en diversos contextos institucionais e sociais.

Metodoloxía da ensinanza

No desenvolvemento do practicum seguiranse un conxunto de etapas e de actividades que contribuirán á consecución dos obxectivos previstos:

Fase preparatoria: presentación do practicum e das institucións colaboradoras. Titoría previa.

Coñecemento previo da institución e do ámbito de intervención a través de lecturas e busca documental. Fase de acollida na institución e elaboración do plan de practicum.

Estadía na institución.

Realización das tarefas recollidas na guía e realización da segunda titoría.

Seguimento por parte do supervisor/a, fundamentalmente a través de titorías grupais e individuais, presenciais e virtuais.

Titoría final e elaboración da memoria e o proxecto.

Prácticum de Educación Social II

Carácter: PRÁCTICAS EXTERNAS. ECTS:18. Despliegue temporal: Anual

Contidos

1. Implementación de propostas de intervención.
2. Avaliación sobre procesos, accións e resultados conseguidos.
3. Seguimento e valoración da proposta de intervención.
4. Actitude para adaptarse aos cambios e ás novas situacións profesionais.
5. Elaboración e redacción de diarios, informes e memorias técnicas.
6. Xestión e coordinación de proxectos e programas de acordo con diferentes contextos profesionais.
7. Construción da identidade profesional.
8. Reelaboración das funcións e tarefas a realizar na práctica profesional baseándose na experiencia.

Competencias

- 1) Promover e desenvolver accións educativas e/ou socioeducativas en diferentes contextos institucionais e comunitarios, no traballo directo con persoas e colectivos, así como no asesoramento, mediación, xestión, organización, coordinación, acompañamento e avaliación das iniciativas nas que interveñan.
- 2) Desenvolver unha actitude autocrítica, así como de reflexión, análise e síntese respecto dos coñecementos, tarefas e labores nos que participan.
- 3) Identificar académica e profesionalmente aos educadores sociais como profesionais da educación, con funcións e tarefas diferenciadas respecto doutros profesionais da educación e a acción-intervención social.
- 4) Diseñar, desenvolver e avaliar plans, programas, proxectos e actividades de intervención socioeducativa en diversos contextos institucionais e sociais.

- 5) Facer uso de estratexias, procedementos, medios, técnicas, métodos, etc. que posibiliten unha intervención educativa directa con persoas e colectivos afectados por distintas problemáticas ou circunstancias sociais.
- 6) Elaborar, xestionar e/ou utilizar medios e recursos socioeducativos que posibiliten un adecuado desenvolvemento do seu labor profesional e das institucións ou entidades nas que leve a cabo.
- 7) Elaborar e interpretar informes técnicos, de investigación e avaliación sobre accións, procesos e resultados socioeducativos e laborais.
- 8) Coñecer e aplicar técnicas de avaliación de accións socioeducativas.
- 9) Desenvolver unha actitude favorable para adaptarse aos cambios derivados de situacións profesionais.
- 10) Elaborar e redactar diarios e memorias técnicas.
- 11) Construír a identidade e rol profesional do Educador/a Social.

Metodoloxía da ensinanza

Fase preparatoria: presentación do prácticum e das institucións colaboradoras. Titoría previa.

Coñecemento previo da institución e do ámbito de intervención a través de lecturas e busca documental. Fase de acollida na institución e elaboración do plan de practicum.

Estadía na institución. Elaboración por parte do/a estudante dun diario, centrado non só na descrición senón e, fundamentalmente, na reflexión sobre a práctica como futuro profesional.

Seguimento por parte do supervisor/a, fundamentalmente a través de titorías grupais e individuais, presenciais e virtuais.

As actividades programadas contribúen á construción da identidade do rol profesional da educadora e do educador social, e ao coñecemento real das oportunidades laborais da titulación.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN IGUALDADE, XÉNERO E EDUCACIÓN

Obxectivos da materia

A materia “Prácticas Laborais e Profesionais” do Máster en Igualdade, Xénero e Educación constitúe unha parte fundamental da formación académica das e dos futuros especialistas en educación, xénero e igualdade e ten como fin fundamental establecer un nexo entre institucións, organizacións ou empresas e os estudos universitarios de xénero.

Esta materia é obrigatoria, desenvólvese ao longo de 15 créditos ECTS e ten como principais obxectivos os seguintes:

- Pór en práctica os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nas diversas materias do módulo básico do máster.
- Confrontar estes coñecementos coa praxe, sendo consciente por unha banda das dificultades da súa posta en marcha en situacións reais de traballo e, por outro, enriquecéndose nun constante proceso de retroalimentación entre reflexión e práctica.
- Adquirir hábitos de traballo en equipo e de aprendizaxe a través da experiencia de persoas expertas nos diversos ámbitos laborais.
- Visibilizar as capacidades adquiridas durante o curso, facendo operativas as estratexias e ferramentas para implementar a perspectiva de xénero nas empresas, organizacións e institucións nas que realicen as prácticas.

–Dar a coñecer a institucións, organizacións e empresas o perfil profesional da experta ou experto en estudos interdisciplinares de xénero.

–Crear e facilitar oportunidades laborais para as e os estudantes deste posgrao incrementando ou provendo dunha experiencia laboral no traballo pola igualdade entre mulleres e homes.

Contidos:

O alumnado realizará, baixo a supervisión e tutela do profesorado e especialistas do mundo laboral, tarefas vinculadas co/cos ámbitos profesionais da titulación.

Os convenios existentes permiten optar entre diferentes ámbitos nos que aplicar os coñecementos adquiridos de face a impulsar accións a favor da igualdade, a implantación da perspectiva de xénero “mainstreaming” e a institucionalización de contidos e medidas referidas á igualdade de xénero (discapacidade, prostitución, minorías étnicas, acción humanitaria, solidariedade, benestar social, menores, familias problemáticas, educación, mocidade, agricultura, etc.)

As diferentes actividades levadas a cabo durante o practicum polo alumnado poden agruparse en oito eixos principais: familiarización co funcionamento da institución; recompilación/actualización de datos; formación; deseño, desenvolvemento e avaliación de proxectos; intervención; elaboración de materiais e actividades de divulgación; información/asesoramento/acompañamento.

Competencias:

Preténdese formar a profesionais capaces de impulsar accións a favor da igualdade, a implantación da perspectiva de xénero “mainstreaming” e a institucionalización de contidos e medidas referidas á igualdade de xénero tanto no contexto educativo propiamente dito como no da administración, as empresas e as institucións e organizacións sociais, culturais, económicas e políticas.

Cabe dicir, xa que logo, que a materia “Prácticas Laborais e Profesionais” vai dirixida fundamentalmente a capacitar para o desenvolvemento das seguintes competencias específicas:

–Aplicar os coñecementos teóricos e metodolóxicos necesarios para elaborar, programar e planificar proxectos e programas desde a perspectiva de xénero no ámbito laboral, económico e universitario.

–Programar, planificar e coordinar áreas relacionadas con políticas de igualdade nos distintos ámbitos referidos á formación, educación e socialización humana.

–Demostrar profesionalidade integrando teoría e práctica para contribuir á construción dun coñecemento novo acerca das relacións de xénero desde unha perspectiva feminista e multidisciplinar.

–Desenvolver perspectivas socio críticas, de análise en función do xénero que poidan impulsar accións a favor da igualdade e a implantación da perspectiva de xénero.

Metodoloxía:

O desenvolvemento das prácticas externas é responsabilidade do/a profesor/a do máster que figura como coordinador/a que atenderá ao alumnado en prácticas, guiando o seu traballo e proporcionándolles as orientacións necesarias; manterá unha comunicación adecuada coas titoras e titores profesionais para favorecer o mellor aproveitamento durante a estancia no centro de prácticas; asesorará na formulación, desenvolvemento e avaliación das prácticas ás titoras e titores profesionais e realizará a avaliación final.

Na institución de acollida as prácticas son tuteladas por a titora ou titor profesional, responsable de establecer conxuntamente co/a coordinador/a de prácticas as actividades, calendario e plan de traballo das/os estudantes, de informar das incidencias que poidan acontecer no desenvolvemento do practicum e de realizar o seguimento e avaliación do desenvolvemento da fase de prácticas así como de valorar mediante un informe, as actividades desenvolvidas pola/o estudante, o seu grao de aproveitamento e o seu nivel de participación.

As fases son as seguintes:

–Presentación por parte da coordinación, das distintas opcións para levar a cabo as prácticas e das prazas ofertadas.

–Definición do Plan de Practicum entre a coordinadora ou coordinador e a/o titora ou titor profesional.

–Desenvolvemento da fase de prácticas do alumnado nas institucións (15 de setembro ata o 15 de outubro).

–Elaboración do Diario de Prácticas.

Avaliación:

A avaliación lévese a cabo atendendo aos seguintes aspectos:

–Informe avaliativo do titor/a profesional. Este informe consiste nunha indicación breve conforme cumpríronse as accións acordadas conxuntamente entre o/a titor/a e a/o estudante con respecto ao desenvolvemento do seu Plan de Traballo (asistencia, tarefas realizadas, implicación persoal, xuízo global do traballo realizado). A recepción deste informe avaliativo é unha condición imprescindible para a cualificación final. Para ese efecto, facilítase unha ficha a modo de “Informe” tipo para que sexa cumprimentada ao final do período de prácticas do alumnado polo/a titor/a.

–Diario de Prácticas. Constitúe o informe final realizado pola alumna ou alumno tras finalizar o período de prácticas. Consistirá nun documento no que se rexistrará información de carácter descritivo, interpretativo e valorativo sobre o traballo realizado durante a estancia na institución. Finalmente, a avaliación da materia será realizada pola profesora ou profesor encargada/o da coordinación do prácticum, quen terá a responsabilidade de cualificar ao alumnado en función dos criterios de avaliación establecidos para cada un dos aspectos obxecto de avaliación.

–Informe avaliativo do titor/a profesional (50%)

–Diario de Prácticas (50%)

Recomendacións para o estudo da materia:

É obrigatorio realizar a estancia de prácticas no período establecido e cumprir o prazo de entrega do Diario de Prácticas.

En relación a presentación do Diario de Prácticas ter en conta as seguintes indicacións:

–Evitar tapas de plástico ou outros envoltorios externos innecesarios.

–Sempre que sexa posible empregar grampas en lugar de encanutilados.

–Imprimir a dúas caras en calidade “aforro de tinta”.

–Non empregar folios en branco como separadores de capítulos ou partes.

–Evitar anexos que non teñan referencia directa cos temas desenvolvidos.

12.- Sistemas de *avaliación e control*: O titor académico, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

13.- O/a estudante comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no convenio:

- a. Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no Anexo.
- b. Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Gardar o debido sxiilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d. Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e. Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

O que se asina, por triplicado, en....., a.....de.....de 201

<i>O/A Titor/a Académico/a</i>	<i>O/A Titor/a pola Entidade Colaboradora,</i>	<i>O/A alumno/a,</i>
<i>Asinado:</i>	<i>Asinado:</i>	<i>Asinado:</i>